

12 de maio de 2010

Estimado/a Sr./Sra Director/a:

Con motivo da celebración do Día Escolar das Matemáticas, a Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática (AGAPEMA) en colaboración co Departamento de Educación do Concello de Santiago, organizan o concurso de **Enxeño e Entretemento Matemático**, co obxectivo de acadar unha maior presenza das matemáticas no conxunto da sociedade e de dar un impulso ao seu ensino.

Esta proposta está destinada a escolares de secundaria dos centros educativos de Santiago e comarca. O concurso terá lugar o 12 de Maio, (Día escolar das Matemáticas) na Praza da Quintana de 10 a 14 horas. Será preciso acudir ás 9 horas ao lugar de celebración co obxectivo de organizar o concurso (de 10 a 12 horas) e outras actividades previstas, entre as que podemos destacar “Un paseo matemático por Compostela” para o profesorado que consistirá nun percorrido por algunhas das prazas e lugares emblemáticos da cidade cercanos á Praza da Quintana.

Achéganse as bases deste concurso e a folla de inscrición, que deberá ser cumplimentada e remitida por correo, fax ou correo electrónico ao Departamento de Educación. A data límite será o 23 de abril de 2010. O número de prazas é limitado. O criterio da selección será a orde de chegada das solicitudes.

Mercedes Rosón Ferreiro
Concelleira de Educación
Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2010

* No caso de que as condicións meteorolóxicas impidan o desenvolvemento da actividade na Praza da Quintana, esta trasladarase ás dependencias do CEIP López Ferreiro